

EPB

R
E
V
I
S
T
A



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

EDITORIAL EPB

Ola! Son a Revista EPB e quero presentarvos a edición deste ano tan accidentado e inesperado. Espero que pasedes un anaco entretido lendo os artigos que con tanto afán preparamos!

Este curso foi atípico desde o 13 de marzo de 2020, día que se suspenderon as clases presenciais ao decretarse o Estado de Alarma en todo o país. Esta nova situación púxonos a proba e conseguiu que pese ás dificultades atopadas puideramos sacar o curso adiante. A colaboración por parte das familias foi fundamental, pero apesares deste esforzo de toda a comunidade educativa moitas das actividades previstas tiveron que pospoñerse ou mesmo cancelarse.

A través do proxecto común de centro "Sabor e saber... O gusto é noso" pretendemos agrupar moitas das actividades que xurdiron dos diferentes equipos e comisións e que se desenvolveron ao longo do curso.



Agradecer a todos vós: alumnado, profesorado, persoal non docente, familias, comedor, ANPA,... a vosa axuda, colaboración e empeño, xa que grazas ao esforzo de todas e todos fixemos que esta situación anómala que nos tocou vivir fose máis entretida e enriquecedora.



Desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Emilia Pardo Bazán

Esperamos que pasedes un anaco entretido!

Cando chegamos en setembro é como ter un libro en branco, chegamos renovados, ilusionados, emocionados, cun montón de proxectos e ideas para ir escribindo ese libro, para ir enchéndoo de historias. Seguen meses de esforzos, de éxitos grandes e sonoros ou pequenos e silenciosos, de progresos, de ensaios e erros. E así, vai transcorrendo o curso ata chegar a xuño cheos de soños a medio cumprir, cansos e exhaustos de tantas emocións e traballos

Sempre pensamos, ao principio, “este vai ser un ano especial”, porque todos e cada un, é especial, pero nunca tan especial coma este. Todo ía como se esperaba ata que apareceu, sen que ninguén o invitara un tal *coronavirus* e que puxo todas as nosas historias do revés e patas arriba. A escola quedou baleira, sen risas, sen xogos, sen soños... o mesmo que as rúas, e todo o noso mundo foi A NOSA CASA: papá e mamá *teletraballando* e nós... *teleestudando!!!!*. Nunca se vira nada igual!!!! As ventás enchéronse de arcos da vella que nos animaban a que todo ía saír ben pero que para iso tiñamos que quedar na casa e as rúas, silenciosas e baleiras, de aplausos que nos unían, nos facían máis fortes e que agradecían a eses *superheroes e heroínas* que tanto nos coidaban.

Agora, ese arco da vella vai deixando paso pouco a pouco ao sol e imos cara a esa “nova normalidade” na que seguiremos escribindo historias cheas de novos proxectos, emocións, soños e pensando que serán especiais. Pero nunca debes esquecer ser felices en calquera momento porque ao final, sempre sae o sol.

Equipo Directivo do EPB

Seguimos medrando!, ao redor dos **485 socios**. Este curso 2019/2020 continuamos todos os servizos do ano anterior coa interrupción do curso polas circunstancias do CODIV, que esperamos queden para o recordo no curso que ven. Coma sempre esperamos estar á altura e seguir colaborando e contando coa axuda de todos vós, equipo directivo, persoal docente, socios e colaboradores habituais.



Actividades extraescolares

Contamos con **47 edicións, 533 usuarios e 17 empresas** proveedoras das mesmas, cada unha especialista no seu campo como aposta de calidade.



Este ano ofertamos baloncesto, fútbol, judo, natación, patinaxe, predeporte, voleibol, ximnasia rítmica, baile moderno, capoeira, esgrima histórica, baile galego e pandeireta, clube de idiomas, fun english, the show must go on, jumping clay, música, pequechef, pintura, robótica e xadrez.

Tentamos ofertar máis actividades, como Listen and speak, percusión e balonmán, pero non espertaron o interese mínimo. En calquera caso o próximo curso tentarémolo de novo con novas propostas.

O importe das actividades moveuse entre os 12€ ao mes para actividades dunha hora á semana, ata os 18€ ao mes para actividades de dúas horas á semana, aínda que a maioría destas últimas costa 16€ ao mes.

Madrugadores e comedor

Actualmente xestionamos case **293 usuarios de comedor** nas diferentes modalidades.

O contrato actual é coa empresa Jardanay, con menús variados e de calidade, así como tempo de lecer programado ao terminar de comer, con nenos atendidos permanentemente por monitores cualificados.

CENTRO ESCOLA PABLO BAZÁN CURSO 2019-2020		MENÚ 2º Trimestre				JARDANAY
	SEMANA 01	SEMANA 02	SEMANA 03	SEMANA 04	SEMANA 05	
DOMINGOS	1	2	3	4	5	
LUNES	6	7	8	9	10	
MARTES	11	12	13	14	15	
MIÉRCOLES	16	17	18	19	20	
JUEVES	21	22	23	24	25	
VIERNES	26	27	28	29	30	

Escola de Nais e Pais

Na Escola de Nais e Pais, con tres anos xa de andaina, realizamos charlas e obradoiros para público adulto, con inscrición gratuíta e servizo de coidado de nenos tamén gratuíta. Tratamos temas como



educación en positivo, nutrición infantil, xogos de mesa en familia, os menores na rede, alimentación saudable, etcétera. Quedaron moitas sesións xa planificadas sen realizar polo peche dos centros escolares, que serán retomadas coa volta á normalidade. Coma o ano pasado, abrimos a escola tanto para as familias do colexio como para as doutros centros e as familias a EIM dos Rosales.


Campamentos de Nadal e verán

Seguimos a realizar campamentos en vacacións escolares de Nadal (este ano non se chegou ao mínimo de participantes, polo que foi cancelado) e verán (excepto agosto), con prezos que de novo facilitan a conciliación (15-20€ por semana) e atención de calidade aos nenos e nenas. Este 2020 non faremos campamento de verán a causa da situación de pandemia.



Festas e colaboracións co CEIP

En canto á colaboración directa co centro, desde o ANPA participase nunha serie de actividades para todas as familias, tanto as socias como tamén as que non o son, como poden ser as festas de magosto, entroido ou fin de curso, o financiamento coa axuda de entidades públicas e privadas de actividades e infraestruturas do colexio.



Trámites online

Xa desde hai uns anos, o ANPA investiu na xestión online de todos os trámites necesarios para alta de socios, actividades, madrugadores, comedor, festas... porque consideramos que o tempo das familias é moi valioso, e non queremos usalo en facer colas no local esperando ser atendidos. Ademais, os cobros realízanse por domiciliación.

HORARIO DO LOCAL

	LUNS	16:00 - 17:00 H.
	XOVES	9:00 - 10:00 H.

Para contactar coa ANPA:

Teléfono: 619 335 580

<http://anpamilnenos.blogspot.com.es>
<http://milnenosgalego.blogspot.com.es>
E-mail: milnenos@gmail.com

O medio de contacto principal segue a ser o correo, con máis de 11.000 correos xestionados dende a súa creación hai uns anos.

Igualmente o local do ANPA permanece aberto dúas horas á semana, unha de mañá e outra de tarde, para aquelas cuestións puntuais que poida necesitar resolver calquera familia socia ou non socia.



PLAN PROXECTA FROITA NA ESCOLA



O Alumnado ao que foi dirixido este proxecto é o dos niveis 4º, 5º e 6º de E.I.

O curso pasado xa realizamos outro proxecto dentro do Plan Proxecta, "O sabor da aventura está no mar", o seu éxito animounos a continuar un curso máis. En vista dos bos resultados obtidos na mellora da alimentación do alumnado, este ano quixemos fomentar o consumo de froita como parte fundamental da súa dieta.

Ao noso proxecto decidimos chamarlle "**TAN RICAMENTE**", como se pode ver á entrada do edificio de E.I. Esta é unha recreación dun mercado, resaltando na parte do medio as froitas e as verduras, protagonistas do proxecto.



Un curso máis logramos a concienciación sobre unha alimentación saudable, neste caso de froita. Traballamos todas as semanas de forma directa e indirecta os beneficios da mesma e a importancia de consumila a diario. Foron moitas as actividades que fixemos, velaquí algunhas delas:



ELABORAMOS MENÚS SAUDABLES




ACTIVIDADE PARA DIFERENCIAR SAUDABLE DE NON SAUDABLE

LARANXA, FROITA EILIXIDA PARA O DÍA DA PAZ





RECEITAS VARIADAS CON FROITAS



VISITA AO MERCADO DE MONTE ALTO



VISITA Á TENDA DE ANTÓN (NO MERCADO DE MONTE ALTO)



ACTIVIDADES DE SIMULACIÓN DE COMPRA-VENDA





Hoxe parécenos moi normal que as nenas poidan estudar, dicir o que pensan, xogar ao que queiran ou soñar como serán cando medren. Pero non sempre foi así e, aínda hoxe, nalgúns lugares non o é.

Aínda que as mulleres facían moitísimas cousas coidando do importante da vida, non se lles recoñecía nin valoraba. Moitas non estaban conformes con esta situación e, a pesar das dificultades e loitando contra un montón de prexuízos, fixéronse científicas, políticas, pintoras, médicas, escritoras, inventoras...



En moitas ocasións uníronse para apoiarse unhas a outras e para protestar. Así, entre todas, conseguiron os dereitos dos que poden disfrutar agora. A verdade é que lles debemos moito a estas mulleres porque fixeron posible o que parecía impensable.



Co fin de conmemorar a loita da muller pola igualdade de xénero, cada 8 de marzo celébrase o Día Internacional da Muller. Neste mes, en 1908, un grupo de obreiras téxtiles de Nova York decidiron saír á rúa para protestar polas malas condicións de traballo.



Entre outras peticións demandaban a igualdade salarial, a diminución da xornada laboral a 10 horas e un período de tempo para poder dar de mamar aos seus fillos.



Aos poucos días, un incendio na fábrica de camisas na que traballaban estas mulleres, acabou coa vida de máis dun centenar delas, moitas inmigrantes.



Segundo os datos daquela queima, o fume que saía da fábrica era morado e, desde entón, esa cor quedou asociada á loita das mulleres.


O impacto deste feito foi tal que Estados Unidos fixo cambios lexislativos na súa memoria.

8 DE MARZO

DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Para conmemorar o día da muller traballadora os nenos e nenas de 5 anos quixemos facer unha homenaxe ás que son tan importantes para nós, as que son enfermeiras o médicos, pallasas, contacontos, cociñeiras, perruqueiras..., esas mulleres que nos queren tanto e que non teñen horario porque sempre están cando as necesitamos.... Cada neno e nena trouxemos fotos e explicamos o traballo que facían e porque eran importantes esas mulleres

AS NOSAS MAMÁS!!!!



O DÍA DE ROSALÍA


O 24 de febreiro celebramos en toda Galicia o Día de Rosalía.

Nesta data do ano 1837, naceu en Santiago de Compostela a nosa poetisa máis universal: Rosalía de Castro. Ela é a principal impulsora, xunto con Pondal e Curros Enríquez, do Rexurdimento da lingua galega.

A súa obra «Cantares Gallegos» reivindica o uso do noso idioma como lingua literaria e tan importante é este libro que o Día das Letras Galegas, o 17 de maio, foi instituído para celebrar a súa publicación.

O alumnado de 2.ºB, para celebrar o Día de Rosalía realizamos unhas actividades para coñecer e dar a coñecer a figura desta poetisa. Unha das actividades que realizamos foi a memorización e recitado duns versos de Rosalía, *Adiós ríos, adiós fontes*, que amosan como era a Galicia daqueles tempos nos que a xente tiña que emigrar masivamente a América e deixaban aquí todo o que máis querían: a súa aldea, a súa familia, os seus amigos...

*Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.
Miña terra, miña terra,
terra donde eu me criei,*



hortiña que quero tanto,
figueiriña que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
casiña do meu contento...



Tamén fixemos uns marcapáxinas cunha caricatura realizada por Antonio Palla e unhas carautas de Rosalía coas caricaturas de Siro e David Pintor, dúas actividades moi divertidas e que nos permitirán lembrarnos sempre, cada 24 de febreiro, do Día de Rosalía.

DÍA DE ROSALÍA 24 de FEBREIRO



O ABECEDARIO DA PAZ


O día 30 de xaneiro celebramos no colexio o Día da Paz e a Non Violencia, tal como vimos facendo dende hai moitos anos.

Na nosa clase, 2.ºA, elaboramos un Abecedario da Paz entre todos os nenos e nenas da aula.

Pensamos entre todos as palabras que se referían á paz e á convivencia e despois cada un pintou e decorou a palabra que lle tocara.

Quedounos tan bonito que agora está no corredor do colexio, moi preto da nosa aula. Gustoulle moito a todo o profesorado e aos nenos e nenas do colexio e nós estamos moi orgullosos porque nos felicitaron moito.

Mirade que
ben nos quedou!!





**QUERER, RESPECTO, SOLIDARIEDADE, TOLERANCIA,
UNIÓN, VERDADE, XENEROSIDADE, PAZ,...**





**AMOR, BONDADE, COMPAÑEIRO, DIÁLOGO,
EMPATÍA, FAMILIA, GRAZAS, HARMONÍA,
IGUALDADE, LIBERDADE, MODAIS,
NEGOCIACIÓN, RIQUEÑO, OBEDECER,
PACIENCIA, QUERER, RESPECTO,
SOLIDARIEDADE, TOLERANCIA, UNIÓN,
VERDADE, XENEROSIDADE E ...**

PAZ

A MIÑA PRIMEIRA SAÍDA

Vouvos contar a miña saída do tres de maio porque foi moi especial. Saín pola mañá a dar unha volta e, sinceramente, foi un dos días máis felices da miña vida. O domingo canda fun co meu patinete e coa miña nai e os meus irmáns podía sentir o vento cálido e a calor. Puiden ir con pantalóns curtos e foi unha sensación marabillosa. Paseamos ata onde está a Bola pola parte de abaixo e dinme conta do bonita que é Coruña e do pouco que nos damos conta coas presas do día a día.



—“Teño que ir mercar, ou buscar ao neno do baloncesto, ou á nena a patinaxe”

—“Teño que ir comer axiña porque teño viola e despois linguaxe musical e facer as tarefas . . .”

Cando din chegado ,contemplei a miña cidade. O precioso mar e a Torre de Hércules e entráronme gañas de coller un pincel e pintalo todo.

Estaba o campo cheo de margaridas e flores amarelas e fixémonos unha foto os meus irmáns e máis eu. Estábase xenial, semellaba un día do verano.

Onte, definitivamente ,foi a miña LIBERACIÓN e , na miña opinión, debería ter sido fai moito tempo, ou mellor dito, non teríamos que ter a necesidade de pecharnos na casa. Pero as cousas veñen así.

Tamén estou moi contenta porque caeume un dente e o Rato Pérez tróuxome unha bolsa chea de moedas e uns esmaltes de uñas .

Facía moito tempo que non perdía ningún dente.



Lucía Suárez Amor 5ºA

O MEU ARCO DA VELLA

Nestes días que o “Coronavirus” fixo que quedáramos na casa, o arco da vella é o símbolo elixido para transmitir a nosa esperanza e a forza ante esta pandemia.

A miña irmá Celia fíxome unha pregunta fai uns días na que estou a matinar .

Preguntoume :”Como sería o teu arco da vella perfecto?”

Despois dun tempo dixen:

O meu arco da vella perfecto tería, como agora, moitas cores e cada cor representaría unha cousa distinta.

O vermello transmitiría o cariño e o amor entre as persoas, as apertas e os bicos que sempre botamos nos fan sentir mellor e que , nestes intres, botamos tanto en falta.

O laranxa, a diversión, o agradable que son os momentos de festa.

A cor amarela expresaría a ledicia e a felicidade. O ben que nos sentimos cando estamos ledos.

A verde, a sorte e a esperanza, que nunca perdamos a fe nas cousas e que non nos deixemos render ata chegar á meta.

A cor azul, a compañía, sempre ter a alguén o teu carón, que sexa a túa axuda nos bos e nos malos momentos.

A cor violeta mostrará a igualdade entre os homes e as mulleres, lémbra-nos que todos somos iguais.

E por último a cor rosa, simboliza a amabilidade e a xenerosidade das persoas, lembrándonos que todos temos que estar xuntos e apoiarnos.

Anque esta conversa parece pequena e sen valor, quedoume marcada e, dende ese día, sei que cando poida saír á rúa e salga o arco da vella, vereino todo de forma diferente.




Este conto é de Lidia Ventureira de 5ºA para á súa amiga pequena Sara.

O EMOCIONARIO

Na aula dos 7 ananiños (e algún máis...), sempre lle demos moita importancia ás emocións: durante 3 cursos traballamos moito para coñecer tanto as nosas coma as dos demais. Para iso, o máis importante é a linguaxe emocional: saber chamar a cada unha polo seu nome e saber as súas características, xa que doutro modo non saberíamos identificalas cando aparecen.

No curso pasado traballamos cun libro que nos encanta: “*El monstruo de colores*”, de Anna Llenas.



E este curso, tocou afondar un pouquiño máis, para o que empregamos o “*Emocionario*”, de Cristina Núñez y Rafael Romero.

O que fixemos foi o seguinte:

Cada venres, un de nós levaba o “*Emocionario*” para casa e, durante unha semana, elixía (con axuda da súa familia), unha das 42 emocións do libro.

O seguinte venres, a explicaba aos compañeiros (coas súas palabras) e contaba algún exemplo, vivido por el ou por alguén da súa familia, no que aparecese dita emoción.

De repente, chegou o CORONAVIRUS, e tivemos que ir para casa, polo que non podiamos seguir levando o Emocionario con nós.

Pero esta situación non ía frear as nosas ganas de aprender e compartir experiencias. Así que cambiamos un pouco o formato e, gracias ás tecnoloxías, continuamos a actividade: os amigos que faltaban, enviaron polo grupo de whatsapp vídeos nos que explicaban á súa emoción escollida. E, para que quedara lembranza de todas, deixamos unha entrada no Blogue (<https://7enanitos.blogspot.com>), na que quedou a explicación de todas as emocións que fomos escollendo, acompañadas dun debuxo.

E aquí os compartimos tamén, para que vexades canto traballamos.

Sen dúbida coñecer e entender as diferentes emocións fará de nós persoas máis completas e mellores!!



SERENIDADE: sensación de calma e harmonía pola que vemos todo con máis claridade. Isabella imaxina sentir nunha praia con paxaros e bolboretas



AMOR: esta emoción pode provocarnos sorrisos pero tamén lágrimas. Daniela sente moito amor pola súa familia e a xente que coñece.




ILUSIÓN: é a esperanza de que se cumpra algo que desexamos moitísimo. A Dani faille ilusión pensar en ir coa súa familia ao refuxio de animais e adoptar un canciño.




TENRURA: é proximidade, afecto, paixón e, ás veces, invita ao amor. Alma sente moita tenrura polos bebés, os osiños de peluche e as flores.



GRATITUDE: aparece cando nos fan un regalo pero tamén si sentimos coma un regalo ter unha familia, saúde, amigos, etc. Alexandra amosou todo iso no seu debuxo.



CULPA: nos invade cando pensamos que fixemos algo mal, e convertese nunha voceciña que nos fala. Luis fixo a un neno desculpándose tras mancar a un amigo.



DESEXO: é un impulso que nos move a facer algo que queremos, o motor dos nosos actos. Si se compra un desexo, sentimos satisfacción. Mateo desexa moitísimo ser policía!



ADMIRACIÓN: aprecio que sentimos por algo ou alguén que está fora do común. Valentina lembrou a que cada día amosabamos ás 8 por sanitarios e policías



ALIVIO: cando desaparece un problema ou perigo e cando nos desculpamos. Leire falou do ladrillo no seu corazón cando minte á súa irmán, e do alivio cando se desculpa.



FELICIDADE: somos felices se gozamos do que podemos ou sabemos facer. A Álex faille feliz meter gol y canastra, ou facer un crebacabezas de 100 pezas el só.




TIMIDEZ: bloqueo que nos impide actuar con naturalidade. Carlos fixo a un neno que xoga soíño porque non se atreve a falar cos demais



TRISTEZA: caída xeral do estado de ánimo provocada por diversas cousas. Leo debuxou a E.T. cando tivo que marchar para a súa casa.



AMOR: Mario explicou qué é para el o amor con axuda do seu súper ordenador. Para el o máis importante é a súa familia e os ama a todos moitísimo.



MEDO: aparece cando cremos que imos sentir un dano ou cando algo nos preocupa moito. Lucas representou moi ben os pesadelos que ás veces temos de noite.



SATISFACCIÓN: o que sentimos se saciamos unha necesidade, física ou psicolóxica. Julia sentiuse moi satisfeita cando aprendeu a nadar fai un tempo.



NOSTALXIA: baleiro no corazón que o chea de gotiñas de pena. A Hugo, recordar os amigos, o cole ou o parque, prodúcelle esta emoción.



LEDICIA: emoción de corta duración causada por un motivo agradable. Clara debuxou, dentro dunha casa, o seu corazón e os dos seus papás, e ós seus canciños.



PRACER: mestura de satisfacción e ledicia provocada por algo que nos gusta moito. Sofía o explica moi ben neste precioso debuxo que fixo.

DIA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O 3 de decembro foi proclamado polas Nacións Unidas no ano 1992 , Día Internacional das Persoas con Discapacidade, co obxectivo de promover os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade e ademais concienciar sobre a súa situación a toda a poboación.

Por este motivo, e para conmemorar este día, na semana do 25 ao 29 de novembro, contamos no noso centro educativo cunha serie de talleres e charlas de sensibilización en materia de discapacidade, dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria e ofrecidos por COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica)/COGAMI.

En concreto, o alumnado de 6º educación infantil participou no taller de sensibilización: “Aquí jugamos todas y todos” onde se presentou un conto como elemento principal da actividade, e a partir del ofrecéronse unha serie de actividades relacionadas.



Actividades nas aulas de educación infantil

O alumnado de 3º e 4º de primaria participou no taller “Todas y todos somos capaces” onde se tratou de concienciar aos nenos e nenas sobre a diversidade, xenerando actividades e experiencias para achegalos a esa realidade das persoas con discapacidade, sensibilizando sobre a importancia de promover unha educación baseada no respecto, a tolerancia e a solidariedade.



Actividades nas aulas de primaria

O alumnado de 5º e 6º de primaria participou nun taller sobre accesibilidade: Gymkana inclusiva “Ponte en su lugar”. Nesta sesión despois dunha pequena presentación fíxose unha gymkana de actividades que se realizaron de forma simultánea e rotativa, de xeito que todos e todas pasaron polas diversas actividades coa finalidade de poñerse no lugar dunha persoa con discapacidade.



Gimkana inclusiva



A valoración da actividade foi moi positiva, e profesorado e alumnado disfrutamos e aprendimos desta experiencia.






e as madalenas

Sabendo que este era o almoço favorito de Iker puxémonos mans á obra para elaborar as súas propias madalenas.



Ingredientes (12 unidades)

- . 125 gr. de manteiga**
- . 125 gr. de azucre**
- . 3 ovos**
- . 200 gr. de fariña**
- . 1/2 cullerada de fermento químico**
- . 2 sobres de gasificante**
- . Moldes de papel.**



Engadimos a manteiga derretida, a fariña có fermento e o gasificante.



Botamos unha cullerada da masa resultante en cada un dos moldes e engadimos por enriba de cada unha das madalenas un pouco de azucre.



Só queda esperar mentres se fan no forno durante uns 15/20 minutos a unha temperatura de 180º.



Mentres aproveitamos o tempo para deixar todo recollido e limpo.

E aínda que tardan...



Acaban saíndo estas estupendas madalenas...

BO PROVEITO




VISITAMOS O MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



6 de febreiro de 2020 // 5ºB

Manuel Mampaso foi o creador deste cadro. Cando falamos del pensamos que Manuel cando estaba pintando o liezo estaba intentando transmitirnos unhas emocións a través das cores como por exemplo: medo, alegría, confusión, inseguridade ... Como vemos as masas de cores son moi grandes e irregulares o que nos fai saber que están pintadas con brochas.



Sen título
MANUEL MAMPASO



Rosalía
ALBERTO DATAS

Nós, neste cadro, atopamos moitas cousas e algunhas pensamos que estaban relacionadas coa Coruña: unha escaleira, unha cara, un río...

Este cadro ademais ten moitas capas de pintura.

“Virxe do leite”, non sabemos por quen foi pintado este cadro, pero sabemos que os que aparecen nel son a Virxe e Xesús. Como podemos observar non son moi realistas, o autor ou autora que pintou este cadro fixoo así a propósito para que ao velo nos chamara a atención e pensáramos que eran a Virxe e Xesús.



Virxe do leite
ANÓNIMO

Este é un dos 6 cadros pintados por mulleres que hai no museo. Este está pintado por Elena Olmos.

Neste cadro podemos ver a Herminia Rodríguez cun caniche. Herminia Rodríguez foi a primeira muller de España en sacar o carné de conducir .



Retrato de Herminia Rodríguez
Elena Olmos

Este cadro representa a unha nena que está na puberdade e sente vergoña, por isto ten a cara colorada e os brazos en forma de nó cubrindo o seu corpo. Este cadro é un dos 6 cadros do museo pintados por mulleres, este pintouno María Roesset



Nu de nena cos brazos
cruzados
MARÍA ROESSET

RUBENS

DÉDALO E O MINOTAURO

Este cadro é un dos máis pequenos que hai no Museo das Belas Artes. Non é un cadro que Rubens fixera a propósito, senón que é un esbozo. Aínda que este cadro sexa pequeno, é un dos máis importantes do museo.



LA AURORA

“La Aurora”, ao igual que “Dédalo e o minotauro” é un dos cadros máis importantes do museo. ¿Sabedes porque estes cadros son tan famosos? Son tan coñecidos porque un día un señor entrou no museo e colleu os dous cadros sen permiso. Os cadros desapareceron durante moito tempo e despois encontráronse outra vez en lugares moi afastados do museo.



Este é outro dos 6 cadros do museo pintados por mulleres. Neste caso está pintado por Julia Minguillón, Julia decidiu pintar un cadro no que se vira o corpo da muller desde diferentes puntos de vista. É un cadro que ten moito mérito porque na época de Julia as mulleres non tiñan tempo de pintar e se o facían non se lles concedía tanto mérito coma os homes.



Xuventude
JULIA MINGUILLÓN

Ao final de toda a visita, invitáronnos a facer unha manualidade.

Tratábase de facer o noso propio museo personalizado con cartulina.



Visita ao museo Luís Seoane


Todas as excursións que facemos comezan cunha parte moi divertida: a viaxe en autobús. Tras 15 minutos de viaxe, chegamos ao museo.

Cando entramos na recepción, sentámonos nun banco e os encargados do museo explicáronnos as normas e tamén falaron da biografía e obra de Luís Seoane.

Uns minutos despois, dirixímonos xunto a dous encargados cara unha sala na que había moitos cadros, e neles, una singularidade: todos eles estaban formados de dúas partes ou máis de animais que non tiñan nada que ver. Os encargados explicáronnos que Luís Seoane facía así os cadros, como os “animais” fantásticos da mitoloxía. Entón preguntounos que animais da mitoloxía coñeciamos. Tras uns cantos exemplos, explicáronnos os contidos dos cadros.

A continuación, achegámonos a unha espazosa sala que tiña unhas cinco mesas, e unha delas tiña un terreo natural que representaba unha paisaxe selvática con cantís. Os monitores fixeron catro grupos e cada un púxose nunha mesa. Nas caixas había partes de animais de goma (incluso de dinosauros). Entón, dixéronnos que baseándonos no imaxinario de personaxes mitolóxicos como fixo Luís Seoane, que fixeramos un animal composto por varias partes doutros utilizando as técnicas empregadas polo artista: debuxos e *collage*. Unha vez feito o animal, fotografámoslo na paisaxe que estaba na quinta mesa e os grupos debuxaron o seu animal creado en follas que puidemos levarnos á nosa casa.

Ao final, marchamos á recepción, despedímonos dos encargados e regresamos ao colexio de novo en autobús.



Hugo Álvarez Arronis 4ºB

DÍA DA PAZ

O día 30 de xaneiro celebrouse, como todos os anos, o día da PAZ e o noso colexio máis outros moitos colexios quedamos no paseo marítimo para facer unha cadea. Os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria levamos da man e coidamos cada un dun neno de infantil.

Unha vez no paseo, collémonos todos das mans e, coa axuda dos profesores, fixemos unha ola xigante. Tamén pintamos el símbolo da paz e levámo-lo como un colar.

Ademais tiñamos unha pancarta que dicía: "Xuntos pola paz e a diversidade" que decoramos con debuxos de corazóns, flores, persoas... Había moitos debuxos de todos nós!

Logo, ao volver ao colexio, todos os alumnos colocámonos de pé sobre un símbolo da paz xigante debuxado no chán das pistas de baloncesto. Fixeron unha fotos desde o alto do bloque de infantil mentres soaban a canción chamada "Mans de Cores. Despois dun rato colocámonos nunhas letras grandes que poñían: PAZ.

Todo isto é unha maneira de celebrar e lembrar todos os días o importante que é vivir en paz!



Carolina Naveira-Cornide 4-B

SIMULACRO DE INCENDIO


Un día, cuando estábamos en clase, de repente sonó la alarma de emergencias muy fuerte y aguda.

En el col, los encargados cerraron las ventanas, armarios y puertas, para que nosotros pudiéramos salir, despacito y sin descontrolarnos. Fuimos a la pista de arriba (fútbol), nos colocamos en las filas de nuestra clase, un poco descontrolados, eso sí, y justo cuando acabó, nos fuimos al recreo.

Al ir al recreo todo el mundo hablaba de la alarma: de que le hizo dano en los oídos, le asustó etc... pero a mí (ya me lo imaginaba) me asusté un montón.

Daniel Linos Casas

4ºB



CANDO PODIAMOS IR DE EXCURSIÓN

Este ano non imos poder facer a excursión de “FIN DE CURSO”. Pero eu acórdome moito da que fixemos o ano pasado á praia de Cabana.

E foi así: Chegamos á escola á mesma hora que todos os días, pero, aquel era moi especial! Iamos á primeira excursión de “FIN DE CURSO” sen monitores, ia ser xenial.

Todos, moi emocionados, entramos no bus escolar, e así comezou a nosa viaxe. O bus é o mellor lugar das excursións porque é onde falabamos, xogabamos, cantabamos... a todos nos encantaba! Pasado un bo rato fixemos unha parada para ver un pazo cunhas vistas increíbles. Alí, como moitos nenos trouxeron xogos, tamén xogamos un bo rato mentres os demais nenos miraban.

Despois volvimos ao bus escolar para retomar a nosa viaxe. Un pouquiño despois, xa chegamos! Fora unha viaxe xenial, pero xa tiñamos ganas de chegar.

Nada mais chegar tomamos unha pequena merenda e... a disfrutar da praia de Cabanas. Fixemos castelos de area e cavamos pozas, pero sen bañarnos. Logo comimos e fixemos a dixestión para logo montarnos de novo no bus escolar.



Á volta paramos nun parque con moitos xogos para descansar un pouquiño. Ao final chegamos as 18:00 da tarde!

Agora que non podemos ir ao colexio boto de menos estas excursións, aquel día foi marabilloso!

Martina Santamarta Suárez 4ºB

17 DE MAIO

O domingo 17 de maio
foi o día das letras galegas
coma todos os anos fixemos
diferentes marca paxinas.

Pero desde as nosas casas
xa que polo covid-19
debiamos quedarnos nas
nosas casas.

Foi divertido pero non
tanto coma os demais anos.



Nayara Paz Ramos
4ºB

DÍA DAS LETRAS GALEGAS __ 17 DE MAIO.

Este ano, para celebrar o DÍA das LETRAS GALEGAS, o alumnado de 5º B de EP animouse a escribir microrrelatos. Estes son algúns:

A princesa que salvaba.

Había unha vez unha princesa. Esa princesa non quería que a salvaran, quería salvar ela aos príncipes. Un día mentres andaba polo bosque encontrou unha torre, só unha torre, non un castelo, unha torre bela e moi alta. Ao chegar arriba encontrou a un rapaz, máis ou menos da súa idade. Intentou falar con el, pero el tiña moito medo, resulta que nunca saíra desa torre. A princesa convenceuno para saír. Unha vez abaixo o rapaz estaba desorientado. A princesa ensinoulle todo o que ela coñecía. Fixéronse moi amigos. Inseparables. Non sabemos se casaron ou non. E os cidadáns comprenderon que as mulleres tamén saben salvar, incluso mellor caos homes.

Inés

**A moza Sofía**

Érase una vez unha moza chamada Sofía. Ela era moi bondadosa, axudaba a todos os que o necesitaban e sempre era amable. Vivía nunha aldea cos seus pais, e normalmente ía á casa dos seus avós, que tamén vivían na mesma aldea. Un día que volvía para a casa, atopouse ca moza máis presumida da aldea, Celia. Celia viña co seu grupo de amigas, e seguro que tiña algo groseiro que dicirlle a Sofía. Así foi, todas (agás Sofía) riron da roupa e do pelo de Sofía, pero a Sofía non lle importaba o que pensaran dela os demais, e menos esas mozas mal educadas.

Pasou o tempo, Sofía seguía aguantando as risiñas ao seu lombo, decidiu dicirlle aos seus pais o que pasaba, e eles contestáronlle: “A vida é moi corta para que che importe o que digan os demais, sé ti mesma e xa está”.

Carlota

**A princesa e a araña**

Fai moito tempo, nun reino escondido, había unha princesa que fora raptada por unha araña gigante. Un cabaleiro dese reino dixo:

-Eu rescatarei á princesa.

Pero o cabaleiro tiña aracnofobia (significa medo as arañas). Así que tiña que enfrontarse aos seus medos. Cando chegou ao castelo do rei araña tivo que pelexar contra os esbirros da araña e a araña rei para rescatar á princesa. Loitou, con medo, pero loitou ata vencer. Cando rescatou á princesa, correron cara ao castelo dela ata estar a salvo.

O cabaleiro pediulle casar con ela, e a princesa dixo que si.

Martín

O soño

O neno espertou nunha casa que non era a súa. Tiña medo porque todo era moi grande, a porta estaba pechada e non chegaba a fechadura para abrila.

Escapou pola xanela, pero no xardín atopouse diante dun xigante. O neno quedou paralizado.

O xigante dixo:

-Non teñas medo, non che vou facer nada.

O neno tranquilizouse, e o xigante presentoulle á súa familia, á súa muller e aos seus dous fillos.

O neno pasou todo o día con eles, xogou a moitas cousas. Ao anoitecer deitouse, e cando espertou ao día seguinte estaba na súa casa.

¡¡¡¡ Todo fora un soño!!!!

Iván



Un portal máxico

Había unha vez un neno que tiña un robot como mascota.

Un día estaban xogando e de súpeto apareceu un portal máxico que os levou a un mundo con animais moi grandes e con moitas escamas, estaban na época dos dinosauros! Pasaron moito tempo alí metidos, e só comían plantas. Despois de seis meses apareceu de novo o portal, e volveron á súa cidade.

Esa era unha historia que sempre ía recordar.

Pablo



Os tres niveis.

Un día cinco nenos quedaron para xogar a un xogo, pero non sabían que estaba maldito.

Eles, de súpeto, apareceron dentro do xogo.

Déronse conta de que terían que superar todos os niveis e rematar o xogo para poder saír del.

Os dous primeiros niveis pasáronos sen problema ningún. Pero... no terceiro, sen saber como, estaban outra vez na vida real, non sabían que sucedera.

Cada un volveu á súa casa despreocupado, pero ninguén sabía que o terceiro nivel acababa de comezar...

Joel

A escritora

Había unha vez unha nena que desde pequena quería ser escritora de libros galegos para nenos.

Cando se fixo maior empezou a escribir libros infantís en galego. O seu primeiro libro titulouno “OS NENOS NO REINO DA FANTASÍA” .

Despois duns anos fíxose a mellor escritora de libros en galego para nenos.

Cando chegou o día das Letras Galegas foi homenaxeada.

Emma



O enxame

Un día camiñaba polo bosque e vin entre as árbores un casulo de flor moi grande. Non tiña nin idea do que era e ocorréuseme tirarlle unha pedra. Entón unha chea de abellas perseguíronme. Eu corrín e corrín, pensei que me picarían pero vin ao lonxe un río, mergulleime e as abellas volveron ao seu casulo.

Ao chegar a casa collín unha guía de animais e plantas que tiña e descubrín que non era un casulo, era un enxame.

Laura

O Traballo de química

Era un día de primavera coma todos os demais, o sol brillaba con gran resplandor, Uxía foi coma sempre á súa habitación de pintura, pero cando viu o que alí pasaba non o podía crer e chamou por teléfono aos seus amigos Marcelo e Carlota.

Todas as súas pinturas cobraran vida! Había cabalos galopando polas ventás, bolboretas voando á luz do sol, ras nos nenúfares... O máis estraño de todo era que todo era de miniatura! Cando chegaron Marcelo e Carlota, Uxía explicoulles que ela cando abriu a porta atopara todo así patas arriba. Logo de observar con atención, Marcelo dixo:

-Xa sei o que pasou. O martes cando fixemos o traballo de química, a fórmula que usamos non só caeu naquel lenzo senón que salpicou todo, e provocou isto.

-Que despistada fun! - Dixo Uxía

-Pois xa que estamos aquí podemos acabar o traballo. - Engadiu Carlota.

E os tres pasaron toda a mañá limpando e traballando.

Noa



PASSPORT TO ENGLISH



Un ano máis, a aula de inglés do noso centro converteuse nunha aldea global, na que tiveron cabida todo tipo de tradicións e celebracións do vasto mundo anglosaxón. Como sabedes, o inglés está espallado por moitos países do mundo e, por iso, quixemos facer nun percorrido polos dez de máis sona a través do noso proxecto **“Passport to English”**. Así, invitamos a un angloparlante de cada un dos países seleccionados: the UK, Ireland, The USA, Canada, Australia, New Zealand, India, Philippines, Kenya and South Africa. Deste xeito, a aula converteuse nun lugar diferente cada mes, ao que viaxabamos pasando o control de aduanas cos nosos pasaportes internacionais. Todos os relatores explicáronnos os feitos máis salientables do seu país de orixe, animándonos a falar, tocar, ulir, saborear, cantar, berrar, bailar, xogar e sobre todo disfrutar co inglés. Deste xeito, puidemos coñecer os costumes de cada lugar e, sobre todo, afixémonos a escoitar diferentes acentos e pronuncias. Dende aquí, queremos dar as grazas a todos os nosos visitantes pola súa desinteresada e entusiasta colaboración.

Por mor do decreto do estado de alarma, non tivemos tempo de viaxar a todos os países previstos, pero continuaremos o vindeiro curso. Aquí tedes un pequeno resumo do que fixemos ata o confinamento.

- En setembro, **Ingrid Clancy**, profesora irlandesa, explicounos en qué consistía o proxecto deste ano, introducíndonos no fascinante mundo do inglés: **“English around the world”**. Tamén nos entregou os nosos pasaportes internacionais e recibimos o primeiro visado.



- En outubro celebramos **“Halloween”** e a nosa aula recibiu a visita de moitas criaturas arrepiantes, coas que xogamos a **“apple bobbing”**, entre outros xogos. Ata fixemos un feitizo para sacar boas notas...



- No mes de novembro, visitounos **Susana García**, profesora inglesa, quen nos falou dos catro países que conforman o Reino Unido (England, Wales, Scotland e Northern Ireland), dándonos a benvida ao seu país e o noso 2º visado: **“Welcome to the UK”**.



- O mes de decembro chegou e primeiro celebramos o **“Xmas Jumper Day”** en colaboración coa ONG **Save the Children**: empapámonos do espírito nadaleño vestindo curiosos xerseys de nadal e intercambiando agasallos co xogo **“Secret Santa”**.



Tamén asistimos a unha representación teatral a cargo da compañía **Face2Face**, grazas á subvención da ANPA do noso centro. As obras foron **“Under the sea”** e **“Circus life”**. Non só escoitamos, repetimos, cantamos e bailamos, senón que ademais subimos ao escenario e actuamos como actores profesionais!



- Chegado xaneiro, decidimos viaxar aos Estados Unidos e alí aprendemos a súa cultura e costumes con **Tareen Rudolph**, de Nova Orleáns, co seu relatorio **“Born in th USA”**, quen nos puxo o noso terceiro visado no pasaporte.

- A viaxe a Australia no mes de febreiro estivo cargada se sorpresas: coñecemos unha gran variedade de curiosas especies animais e ata preparamos e degustamos o delicioso **“fairy bread”** con **Belinda Beer**, profesora de Melbourne, na súa charla **“All about Australia”**, quen nos concedeu o 4º visado.



- Tamén en febreiro participamos nunha carreira de moi especial: **“pancake race”**: vestidos de cociñeiros/as e cunha tixola na man, non vexades que ben lle dabamos a volta ás filloas no aire mentres corriamos!

E xa non nos deu tempo a máis. Pero tranquilos, continuará o vindeiro curso...

TO BE CONTINUED

HORTO ESCOLAR

Este ano estreamos novas zonas de cultivo, grazas á colaboración do curso do Concello de monitores de ecohortas urbanas. O noso obxectivo era seguir adaptando a plantación ás características da nosa contorna pero, algúns traballos quedaron aprazados ao próximo curso. Así que....vinde con forzas!



Por sorte temos un patio con moitas posibilidades, así que, pasiño a pasiño, iremos axeitando todas estas zonas verdes.

Cada vez son máis os cursos que gozan das actividades propostas.





A horta enlazou á perfección coa temática do PDI do centro, baseado na alimentación saudable. Dándolle unha motivación extra para elaborar receitas cos produtos cosechados.



vémonos o vindeiro ano!!!

VIXIANTES DA TERRA

6ºC educación infantil



Este ano atípico está a piques de rematar. Somos un grupo de nenos e nenas moi preocupados polo coidado e protección de todo o que nos rodea. Como di a nosa mestra, convertémonos en todos uns especialistas nas 3 R (reducir, reciclar e reutilizar).

A maioría de nós usamos máscaras reutilizables pero, estamos a ver, q hai xente que non "sabe" moi ben que facer coas súas máscaras usadas. Non queremos ver máis máscaras nos nosos parques, praias , bosques e cidades

Por iso, ímosvolos explicar dunha forma moi sinxela.

RECICLAR É COUSA DE NENOS

SACA A MÁSCARA



AO CHEGAR A CASA



TIRAA AO LIXO



LAVAS
MANS







Pecha a Bolsa



CONTENEDOR INORGÁNICO





NON AS
BOTES







EDUCACIÓN
INFANTIL



A VOLTA AO COLE

Hai máis ou menos tres semanas, a nosa profe díxonos que íamos facer unha “volta ao cole” para recadar cartos para a investigación da leucemia infantil. Comentounos que ese día tiñamos que levar ao cole unha camiseta branca e o donativo que quixéramos dar.

Eu, como son novo neste colexio, non entendía que significaba o de dar unha “volta ao cole”. Contáronme que, desde hai tres anos, faise unha andaina solidaria ao redor do noso colexio. Tamén me dixeron que, o irmán dunha nena da miña clase tivo leucemia, e que agora xa está recuperado.

Dixéronme, que aínda que é unha enfermidade moi grave, hoxe en día, grazas as investigacións que se fan, en moitos casos pódese curar.

Oxalá algún día eu, ou algún dos meus amigos, consigamos descubrir unha vacina que cure para sempre o cancro!!!

Ata entón vou colaborar en todo o que poida!!!

Que gran iniciativa a do meu cole!!!

Pablo Mejuto Sarandeses. 5º C



A volta ao cole. Irene Garza Morás. 5º C

CURSO 19-20

Durante este curso, os alumnos de primeiro C, fixemos como grupo, actividades que nos gustaron:

Así, no mes de decembro, nós tamén, decoramos a porta de entrada a nosa clase. A profe, presentounos varios motivos de nadal, eliximos tres cada un, pintámolos e mirade que porta tan bonita nos quedou!



Tamén estivemos ensaiando a panxoliña *"Van tres reis en bicicleta"*, a verdade é que a practicamos moito, tanto na casa como no cole, e mirade, aquí estamos os de primeiro C en plena actuación!



E chegou o Entroido, e como desde a biblioteca, estivemos traballando no PDI (Proxecto de Desenvolvemento Integrado) "Sabor e Saber". Aos de primeiro, tocounos ir disfrazados de "Cociñeiros". Aquí estamos na nosa clase, cos nosos gorros, utensilios de cociña e mandís multicolores, xusto antes de saír e dar a volta ao cole.



Tamén subimos á Bibliolab, para facer a nosa receita "Xelatina con froita". Alí cortamos varios tipos de froita, cociñámola, e deixámola arrefriar no frigorífico do cole. Ao día seguinte comémola. Estaba moi rica!!!!



Dentro da alimentación saudable, tamén na Bibliolab preparamos coa axuda de dúas monitoras, batidos con froita, principalmente plátano. Máis difícil foi facer "tortitas", con ou sen queixo, a gusto de cada un, porque fixémolas un a un sobre unha placa eléctrica. Tanto o batido como as "tortitas", estaba todo exquisito!!!



Fixemos unha saída á fábrica de Bonilla en Arteixo. Alí vimos como as máquinas lavaban as patacas, pelábanas, picábanas, fritábanas e por último envasábanas.

O mellor foi que nos regalaron unha mochila, uns globos, gusanitos e unha bolsa de patacas.


Aprendemos moito nesa saída.

Aquí estamos moi atentos ás explicacións!!!



Foi un período incompleto, pero xa estamos esperando que comece o novo curso, para estar outra vez todos xuntos.

EP 1º C



O ENTROIDO E HOQUEIRO



O Entroido chegou
vestidos todos para a ocasión
frutas, verduras

e coñecémos a montón.



Cantaremos sem parar

bailaremos ao compás





e todo o colexio a festejar

o Entruido sen parar





UNHA MACEDONIA DE #ROITAS

UNHA CIELO DE LOMBETOS





ACOMPANAN A NOSSA FESTA

Que con viscos
remota



ENTORNO OFICIAL



GALERIA DE FOTOS



"vivenzas na ¡Siclase" sempre lembraremos este curso

Un día moi especial na ¡Siclase foi o 14 de febreiro, día de San Valentín, e ademais o aniversario de Ivi, a miña prefe de 2º, que quero moito.

Eu leveille de agasalho dúas bolsiñas de docas con forma de corazón, e da treixonera a todo a clase galletas e fixemos moitas manualidades toda a mañá. Foi xerid!



Miguel



Recuerdo con especial cariño:

Cuando Duendisi nos chamou por el miércoles de Ivi a Santi le dijo: gracias por el calcetín Santi. Nos reímos mucho con su voz parecía un robot.

Carlota




Carlota



XIANA VILLAP
Un día fomos de excursión ao parque
de bombeiros. Pasámolo moi ben e os
bombeiros eran moi simpáticos.



A MIÑA AVENTURA COA PSICLASE
Nesta aventura fumos ao cine. Fumos ver
"Dilili en París" unha película que os debuxos
de fondo son de París. Foi moi bonita.
Eva
E o mellor de todo é que estaba cos meus amigos.




Me gustou muito quando fomos ao parque de lambujos. Porque nos ensinaram um monte de coisas e o passamos moi ben. Daniela



O meu momento favorito foi a volta do Natal porque todo era música. Em cada cadeira había un peluche de um bichinho e...! Na mesa de lá había regalos! ¡E ali foi onde encontramos a Gatisi! Foi maravilloso. Fin.

Emma




Un dos meus días favoritos que puxi na Triclar foi o día que fixemos unha chocolatada na que tomamos chocolate quente con magdalenas.
Nico Foi un dos meus días favoritos porque estaba moi riso e porque pasamos un bo rato todos xuntos.



A miña aventura na triclar foi duendisi. Porque saíeu todo o que pasaba nese nivel e un día ata a duendisi nos fillo unha videochamada.

Xiana Pallas



Tamén temos experiencias fora da isiclase que nos aportan moitas alegrías en tempo de confinamento

Este ano os nosos pais prepararon a
busqueda dos ovos de Pascoa en casa.
Foi moi divertido! E atopámonos
todos!


Victor



La perra de mi abuela.

Mi abuela tiene una perrita que se llama
Karma y es de color marrón, tiene tres
años, es muy juguetona y muy cariñosa.
Antes mi abuela me dejó llevarla a casa, y así me
la dejó para poseerla...

Natalia



A MIÑA AVENTURANA ISICLASE
No cambiamos aburriame, pero despois
xa podemos ir a ver a miña prima,
e xogar con ela aos legos.

Rafael Alcalde



Gustoume cada Isi deixamos
estar de 4 en 4, nas mesas da
isiclase, con: Elrea, Nixo e Carlota.



Na Isiclase pasan cousas moi divertidas. Ao volver do nadal Papa Noel deixounos unha carta. O máis emocionante aínda non Elba pasou. É coñecer a Gatisi, que a ía a levala Tsi en fin de curso.



Eu lembro como zisten o primeiro palco da música na isiclase virtual. Gustame moito facelo e foi moi divertido.

Lía



A miña aventura na Isiclose.
Cando xogamos o bingo, e eu cantei bingo
en segundo posto. Paseino moi ben!

Iago



Iago



A miña aventura na Isiclose.
Cando dimos a volta o cole, porque iamos
todos xuntos agarrados das mans.

Sara




Na iSicclase paseino moi ben, sobre todo lembra na época de Nadal que fixemos cada día o calendario de advento. Como eu son o número nove, tocoume abrir a casinha o luns e tocoume unha chocolatina en formá de campás.

Rafael Irijoa



Eu chequei á iSicclase en febreiro e estou moi contenta. Gustoume moito facer con plastilina unha rosa para os meus compañeiros. Serviunos para a clase de plástica e tamén para Naturais para ver as folhas, os pétalos, os sépalos...

Martina



Para min foi moi especial o día 13 de novembro cando celebramos o meu cumpreanos. Paseino moi ben cos meus compañeiros. Puxen un gorro de cumpreanos e todos os meus compañeiros me cantaron o cumpreanos feliz.

Bruno



Son Santi. Teño moitas cousas simpáticas que contar da isoiclase o que ocorre e que como teño pouco espazo vou dicir que encantoume vernos na vídeoconferencia e poder tocarvos Para Elisa de Beethoven.

Santi

O mellor momento de curso foi cando lxi ensinounos a facer cestas na clase de plástica

Yvonne



BENEFICIOS DA EDUCACIÓN FÍSICA

A práctica da educación física de forma continuada trae consigo unha serie de beneficios non soamente a nivel físico. Nin o cerebro, ni o sistema nervioso poden deixar de participar na práctica física, polo que nos beneficia a tódolos niveis: físico, social, psicolóxico e académico.



Beneficios da educación física a nivel físico:

- Favorece unha maior mineralización dos osos (osos máis fortes).
- Mellora a maduración do sistema nervioso motor e un aumento as destrezas motrices.
- Axuda a controlar o sobrepeso e a obesidade dos nenos/as así como a previla en idades adultas.
- Clave para a adquisición de hábitos saudables e de mellora da condición física.
- Protéxenos dos riscos derivados do sedentarismo.
- Favorece o autoconhecimento (Coñecemento das nosas limitacións e posibilidades corporais).

Beneficios da educación física a nivel social:

- Facilita a relación, a integración e o respecto e contribúe ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade.
- O cumprimento das normas dos xogos, contribúe á aceptación de códigos de conducta para a convivencia.
- Aporta recursos para a ocupación do tempo de lecer e levar así, un estilo de vida saudable.
- A práctica de xogos mellora a capacidade de resolución de conflitos mediante a negociación, baseada no diálogo.
- Axuda a comprender que cada corpo ten unhas características diferentes (Aceptación da diversidade).
- Os xogos tradicionais, contribúen a coñecer a riqueza cultural.
- Axuda a romper estereotipos a nivel social referentes ao sexo.
- Axuda a canalizar de forma positiva a enerxía dos nenos/as.





Beneficios psicolóxicos da educación física:


- Contribúe a fomentar a competencia de "Aprender a aprender" e "Autonomía e iniciativa persoal.
- A consecución dos obxectivos xera autoconfianza e aumenta a nosa autoestima.
- Aumenta a autopercepción corporal e a autoestima física.
- Axuda a superar a timidez ou a frear impulsos excesivos.
- Funciona como unha vía de escape para a rutina diaria.

Beneficios académicos da educación física:

- Aumento da capacidade de concentración e da memoria.
- Aumento do funcionamento intelectual e do rendemento escolar.
- Axuda a aumentar o autocontrol e eficacia no traballo.



**TRABALLANDO O
ESQUEMA
CORPORAL**



Psicomotricidade

EDUCACIÓN INFANTIL






**Carreira
solidaria
San Silvestre
2019**




**TECNOLOXÍAS
DA INFORMACIÓN
E DA
COMUNICACIÓN**



O TEATRO NO CURSO 2019-2020

Como todos os anos desde hai xa dez cursos, o pasado mes de setembro puxéronse en marcha as engrenaxes dos equipos de teatro do noso colexio para levar á escena novas obras destinadas a entreter, formar e axudar a desenvolver as competencias artísticas e sociais do todo o noso alumnado.



O grupo Bubelas, coa profe Conchy á cabeza, representou no primeiro trimestre unha amena obra no festival de Nadal; con gran éxito de crítica e público. E comezou a organizar, no segundo trimestre, a súa colaboración co grupo Bubeliñas da profe Aurora, para final do curso.

Mentres, pola súa banda, o grupo interaulas comezara xa en setembro a preparación da obra “O bosque animado”, coa adaptación da famosa obra do escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez , realizada pola profesora M^a Jesús López Vila. Como todos os anos, este proxecto estaba deseñado para incluír, directa ou indirectamente, a toda a comunidade


educativa: alumnos, profesores, persoal non docente, familias... Nesta ocasión apuntáronse máis de sesenta actrices e actores que comezaron o traballo con gran entusiasmo e dedicación desde o primeiro momento. Todo marchaba de acordo coa programación prevista:



- Os ensaios diarios en pequenos grupos para traballar aspectos como a expresión corporal, vocalización, proxección da voz, movemento, ...

- Unha mamá-escultora moi valente, animouse, coa colaboración de profesores, alumnos e familias, a construírnos ... toda unha fraga!!!

- As compañeiras Chus e Marisol adicaban os poucos momentos que lles quedaban libres, a recortar miles e miles de follas e polas para axudar a “vestir” a fraga.



- As familias dos nosos actores estaban buscando as pezas de vestiario.

- Varios profesores estaban adicando os poucos recreos nos que non tiñan gardas, a axudar ás actrices e actores a aprender o seu guión.


- Estábanse organizando xa os ensaios en gran grupo, dentro e fóra do horario escolar.

- Os profesores do equipo de teatro estaban ultimando as solución técnicas para o atrezzo...

- ... En resumo, todo estaba en marcha para apoiar e responder ao entusiasmo e esforzo dos nosos menos, cando ocorreu o que nunca ocorrera e ninguén podía imaxinar: un temible virus provocou unha pandemia mundial que nos obrigou a paralo todo e centrarnos en colaborar para deter o espallamento da enfermidade.

Máis este traballo non vai quedar de balde. A obra seguirá na súa produción o vindeiro curso se as circunstancias o permiten. E queremos contar co mesmo elenco e todas as persoas que cada ano fan posible a posta en escena. Porque somos un equipo. Porque esta situación xuntounos máis, sacou o mellor de nós. Moitas veces escoitamos dicir que a vida é como un gran teatro. Agora representa un drama. Aínda é pronto para saber o desenlace final da obra. Pero as luces deixarán paso ás sombras e o escenario quedará baleiro ata a seguinte función. Queremos abrir outra vez as portas, e que os nenos e nenas volvan a desfrutar sobre a tarima, no proceso de produción, nos ensaios, do traballo en equipo, no aprender uns dos outros. Ogallá axiña poidamos atopar a luz entre o bosque...animado!

EQUIPO INTERAULAS



Onda Ti



Durante máis de dous meses desde a ventá estivemos vendo as rúas desertas, pasar o tempo moi lentamente entre lecturas, xogos, actividades artísticas, videochamadas con familiares, amigos/as e mestras/es, momentos de aburrimiento e outras actividades que estimularon a vosa creatividade e a

das vosas familias... Neste período de illamento comezou a emisión de Onda Ti co obxectivo de darvos voz, de saber uns dos outros e entretervos nunhas mañás eternas que precedían a unhas tardes igual de longas. Se o acadamos estaremos satisfeitos, porque iso era o principal. Nas rúas volvemos a escoitar as vosas risas e o son das pelotas botando. Nas praias xa non están soas as gaiotas. Os amenceres e os solpores teñen como testemuña os ollos de persoas que se xuntan para contemplar as aparicións e desaparicións do sol, como se nunca o tivesen visto. Voltamos ver a familiares, amigos/as que hai un tempo permanecían lonxe. Aínda nos quedan por recuperar os valiosos abrazos e os bicos para que todo volva a ser como antes, pero cremos que esta primeira etapa de Onda Ti cumpriu o seu obxectivo e por isto chegou ao seu fin, deixamos paso a outro formato que agardamos dar a coñecer pronto. Antes de irnos queremos compartir con vós estes versos de Rosalía de Castro.

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.
Lugar máis hermoso
no mundo n'hachara
que aquel de Galicia
¡Galicia encantada!
Galicia frorida
cal ela ningunha,
de froles cuberta,
cuberta de espumas
de espumas que o mare
con perlas gomita,
de froles que nacen
ó pé das fontañas.
De valles tan fondos,
tan verdes, tan frescos,
que as penas se calman
nomáis que con velos;
que os ánxeles neles
dormidos se quedan,
xa en forma de pombas,
xa en forma de niebras.

Emilia na Onda-Biblioteca EPB

Contaba a miña nai que, cando era moi pequena, xa quería ser mestra, que sempre estaba xogando a darlle clase a alguén, a maioría das veces, eses alumnos e alumnas eran as cores coas que tiña que facer os deberes.

Chegou un día no que aquela nena pequena, que vivía nun quinto sen ascensor pola zona de Monte Alto, puido poñerlle cara aos lapis de cores cos que xogaba. E o xogo converteuse na súa vida.

Agora xa son moitas cores as que pasaron polas mans daquela nena, que xa non é tan nena, e todas deixaron o seu rastro de cor, e son tamén moitas as compañeiras e compañeiros que lle acompañaron e moitos e grandes momentos nos que compartiron debuxos e soños.

Momentos bos, moi bos e non tan bos, como estes que estamos a vivir.

En todos estes anos, xamais ninguén lle dixo que tería que pasar a ver as súas cores e aos seus compañeiros e compañeiras a través dunha pantalla. Que as aulas estarían baleiras e o son das risas ea ledicia do patio do cole daría paso ao silencio. Que estaría tan lonxe de todas as súas cores, pero ao mesmo tempo tan preto e tan unidas!

Porque a pesar da distancia e dos días raros nos que vivimos, estamos máis xuntos ca nunca como cando ás oito saímos a aplaudir ás ventás e escoitamos a algún neno berrar: *“hasta mañana vecinos, hasta mañana vecinas”*, esa inocente voz que nos recorda que xa falta un día menos..

E cando os domingo ás 12 escoitamos *“Onda Ti”* reunidos na distancia sentíndonos unidos e sabemos que xa falta unha semana menos para vernos.

Así, seguiremos contando os días, de domingo en domingo, ata que os días conten outra vez porque volvamos a estar xuntos.

Aurora

“Onda Ti” domingo 26 de Abril de 2020

Hai abrazos e abrazos.

O que che dan e o que das, o que non esperabas e o que tanto necesitabas.

O que non queres terminar nunca, encadeado, ben apertado contra o peito.

O abrazo que trae con el ese perfume que che transporta no tempo, o que é fogar.

O abrazo forte, firme, canto máis forte mellor, o abrazo do consolo, cando che sosteñen o sostés, cando a túa dor e a miña dor.

O abrazo ledicia, eufórico, sonoro, o abrazo da vitoria, o abrazo con baile, o abrazo de pernas.

O abrazo tímido e con ganas, o abrazo acompasado, desnudo, respiración con respiración, o abrazo de almas, cando dous corpos se funden e se abrazan máis aló da pel.

O abrazo final que detén o tempo e o abrazo de volver que tamén, o que che devolve a calma e o que cha quita hasta que che volve a abrazar.

O abrazo perfecto (ti xa sabes cal é), o abrazo de inverno con xerseis de la ou o quentiño baixo o edredón e o de verán na praia, de area, salitre e pel.

O abrazo longo (o meu favorito), o abrazo de aeroporto, o de “canto che votei en falta”.

O abrazo de mamá e o de papá

Levo abrazos tatuados na alma: o de Q, o de Y, o de D, o de S...

A todos os abrazos: volvede pronto, que os brazos séntense raros sen vós.

E o corazón, máis

@meriaresc

“Onda Ti” domingo 29 de Marzo de 2020

UNHA NON DESPEDIDA PARA 6º A

Creo que nunca volo dixen, pero non me gustan as despedidas. Por iso non vou despedirme.

Porén, o certo é que remata este curso no que, despois de dous anos (agás as excepcións de Eva e Mateo, que se incorporaron despois de setembro de 2018), vou deixar de ser o voso profe-titor, e as circunstancias fan imposible que nos vexamos na nosa aula para rematar esta andaina. Algo terei que dicir despois de tantas horas xuntos... Tócame.

Non me resulta fácil, xa imaxinades o porqué. Este foi un trimestre complicado. Está sendo aínda en moitos casos. Por iso prefiro que teñades agora un momento de evasión. Creo que o mellor será que vos conte un conto. Si. En realidade é unha desas historias que precisan de poucas palabras para seren contadas, un microrrelato. Non leva título, como veredes, así que vos convido que lle poñades un da vosa invención que resuma o que o autor pretendía dicir cando o escribiu. É tamén un xogo, porque os asteriscos que veredes están ocupando o lugar do nome dunha lingua, dun idioma (cal será?). Aí vos vai:

*Galf Ingels e mais a súa esposa Lúa faleceron en accidente de tráfico cando regresaban ao seu fogar dende unha localidade costeira. Coa súa desaparición, unha vella e prestixiosa lingua, o ******, morreu tamén. Miles de adxectivos, substantivos e adverbios, e menores cantidades doutras partículas de diversa índole, disolvéronse sen remedio na atmosfera morna desta primavera á vez que se extinguía a vida dos seus derradeiros falantes.*

*Dende hoxe, ningunha nai volverá acougar o seu pícaro angustiado polos pesadelos, nin a vella lingua será a elixida polo plenilunio para lles falar a dous adolescentes deitados no verán da praia; ninguén amarará en ******, nin padecerá tampouco. Outras palabras seguirán vivas para chorar e consolar, mercar e vender, saudar e despedir, mais non por iso o oco será menor.*

Mañá, no funeral polos Ingels, non haberá quen pronuncie unha oración na súa antiga e ilustre lingua, pero iso case non importa: con eles tamén marchou o único deus que podería entendela.

Como que non o entendes? Pois volve lelo! Sempre igual, eh!!!



Bicos,

Manuel



CARTA DE DESPEDIDA ALUMNOS DE 6ºB

Non é doado atopar verbas para despedir a alguén, ninguén desexa empregar esa palabra, aínda menos cando ten que dicir: vémonos! a vinte e seis. Os nenos grandes do Emilia. Toda unha vida na escola. Recordos que sempre terán e que levarán na súa mochila vital.

Sempre pensamos no pasado con nostalxia, chegamos incluso a afirmar que “os tempos pasados eran mellores”, falamos da infancia, dos tempos mozos, da vida na rúa cos amigos e da escola. Ese lugar que queda marcado a lume no noso corazón e que algún de nos revive cada día como mestre. Nese lugar: convivimos, rimos, choramos, aburrímonos (ás veces), traballamos e.....aprendemos. Aprendemos a soñar, a compartir, a respectar, a empatizar, a vivir....A escola forma parte da vida, por iso resulta fundamental formar parte dela, sentila, e experimentalala, é insubstituíble, e máis nestes duros momentos.



Nesa escola estivestes vos durante nove anos, e xa sodes parte fundamental dela. Por iso, quero darvos as grazas, as grazas de corazón, por moitas cousas.

Grazas pola vosa espontaneidade , esa habilidade que tendes que vos fai ser naturais e sinceros, libres de pensamento. Grazas pola vosa alegría na entrada á escola. Ese sorriso anima a calquera mestre a dalo todo. Grazas pola empatía cos compañeiros o que nos formou un clima moi positivo na aula. Grazas polo esforzo e o interese que demostrastes en facer as cousas ben feitas.

Grazas por acollerme, no meu primeiro ano no Emilia.

Vin valores en vós, como a solidariedade, a amizade, a sinceridade e o compañeirismo, aspectos que ás veces precisa esta sociedade.

O día do irmán maior observei en vós os pais e nais do futuro, o voso proceder cos pequenos da escola, din moito da vosa xeración. Unha conduta aprendida das vosas familias. Grazas tamén a elas polo súa dedicación.

As circunstancias non nos deixaran rematar o curso como mereciades.



Inda así, quedome con un pouco de cada un, unha lembranza e un sentimento que non esquecerei.

Foi un pracer desfrutar este ano e medio con vos.

Entrades agora a formar parte do meu corazón e do corazón do Emilia.

Unha aperta.

O voso profe

Manuel Robles



MOITA SORTE!

Marzo parou de súpeto. Miramos a ambos lados sorprendidos e pechamos a nosa porta para quedar na casa. Abrimos as mans ao mundo desde os nosos balcóns, pintamos un arco da vella co sorriso na faciana, con sombras na mirada e un “todo irá ben” latexando desde dentro como unha letanía intensa. Convencidos. Convencidas.

Abril entrou sen chamar. Ía frío, saía o sol, houbo tempo para algún orballo. Naceu a luz e mingou a noite. A primavera dixo si e unha extensa alfombra verde cubriuse de suspiros brancos, de bolboretas, de carunchos, de libeliñas, de gorgullos e candís. Cantaron os gabiáns, os ferreiriños, as lavercas, algunha pardela tamén, agora máis libres que nunca.

E veu maio. Houbo máis silencio e soou o eco da música nas fiestras. Un día e outro día, e outro máis. Discorrendo lentamente ata o tímido reencontro co sol.

E mentres, quedaron danzas sen bailar, versos por escribir e historias sen contar, melodías apagadas, palabras en inglés sen tradución, leccións de Ciencias esquecidas, poliedros repousando, Gramática á deriva. Silenciáronse as lecturas, os poemas, o balbordo no patio, o noso cantar e falar. Detivéronse os deportes, as saídas, as festas, o noso ir e vir cotiá. E así foi como aprendemos a mirarnos a través dunha cuadrícula virtual.

Queda a débeda perenne dun adeus estreito, envolto en bicos e agarimos. Queda a mágoa dunha aperta distante. Queda a ausencia dunha despedida doce desde este recuncho cálido que vos dou acubillo, que vos viu medrar, felices, por dentro e por fóra. Levades, sen dúbida, os mellores agasallos: amizades, coñecementos, experiencias, algún que outro desacougo e moitas lembranzas, compoñendo, deste xeito, unha fermosa banda sonora do voso paso pola escola. As portas manteráanse sempre abertas para vós e sempre, sempre, seguirá sendo o voso colexio.

Con toda a tristura que pecha este ciclo pero tamén coa ledicia que sempre vos acompaña ilustrando este final insípido, eu tamén quero pintar para vós un arco da vella radiante, que sume e multiplique en cada día das vosas vidas: o desexo de perseguir un soño, o sorriso ao mal tempo e aos problemas, a mente positiva para facer máis doado o camiño, a valentía de fuxir de todo aquilo que vos impida vivir felices, a responsabilidade suficiente para saborear a liberdade, a confianza en vós e nas vosas posibilidades, o amor propio para querervos moito, pase o que pase.

Que cadaquén escolla as cores e a intensidade coa que desexe brillar.

Foi un auténtico pracer acompañarvos nesta pequena aventura, nenos e nenas de 6°C. Desfrutei do paseo e sentín a man afable das vosas familias acompañándome sempre.

Grazas, grazas, grazas.

Boa andaina e moitos bicos.

María José Álvarez Devesa



Revista EPB

Despedidas

*"Eu son libre. Nada
pode conter a marcha
dos meus pensamentos
e eles son a lei que
rexe o meu destino"*

Rosalía de Castro (1837-1885)

Boa sorte!

*A todos aqueles que
comezan unha nova
andadura...*

*Moitas Grazas por formar
parte das nosas vidas!*



CURSO: 2019-2020



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

GRAZAS

POLA COLABORACIÓN

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN

DA LINGUA GALEGA DO

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

CURSO:2019-2020



FIN